

isto é o teatro, bonita, non sexas vergoñosa

Juancho Gianzo - produtor e distribuidor de Matarile Teatro



Isto é o teatro, bonita, non sexas vergoñosa.¹

Galicia é terra hostil para a creación contemporánea. Calquera podería pensalo se tomase o tempo necesario para repasar a programación dos teatros galegos de titularidade pública. A presenza deste tipo de espectáculos nas axendas municipais é meramente anecdótica, limitándose a esporádicas representacións nas principais cidades galegas, case sempre dentro de pequenos ciclos e/ou festivais.

Digámolo claramente: os programadores galegos danlle as costas a este tipo de propostas. Se un desexa gozar dunha estimulante peza de danza contemporánea, dunha interesante performance ou dun arriscado espectáculo de teatro “raro” máis vale que colla as súas maletas e se plante nalgún lugar máis aló das nosas fronteiras.

Atopamos nobres excepcións, programadores valentes e sensibles, que entenden o seu traballo como un servizo público, pero me temo que estes non representan máis que iso, a excepción.

É natural e necesario facerse a eterna pregunta: por que? Por que os responsables dos espazos escénicos non seleccionan este tipo de espectáculos? Desde o meu posto de produtor e distribuidor de *Matarile Teatro* escoitei e lin todo tipo de respostas por parte dos programadores, pero non plasmarei aquí un delirante catálogo de imaxinativas ocorrencias e limitareime a analizar as dúas máis habituais: “estas propostas non teñen público” e “o meu público non o entende”, tamén recoñecible na súa variante “o meu público non está preparado”.

Pero, que hai de certo nestas respostas? é real a ausencia de espectadores? cales son os motivos? é necesario que os espectadores estean formados antes de enfrontarse a linguaxes contemporáneas? E en todo caso... son estas respostas válidas?

“Estas propostas non teñen público”.

Se entendemos o traballo de programador municipal como un servizo público non debería existir debate algún ao redor desta afirmación que rápidamente é ofrecida como verdade universal.

¹ Frase extraída da película *Birdman*, pronunciada por Mike Shiner, personaxe interpretada por Edward Norton.

“os espectadores non poden demandar aquilo que descoñecen por completo”

Un servizo público que presume de tal debería dar acubillo a todo tipo de propostas escénicas, mesmo debería coidar especialmente aquelas que abren novas vías de investigación teatral. Con todo, e contrariamente ao que cabería pensar, os programadores adoitan utilizar a súa condición de servizo público para xustificarse, asumindo que será inmoral gastarse os cartos do contribuínte en espectáculos que apenas gozarán un puñado de espectadores. Pero esta “inmoralidade” parece recaer só sobre nós. Nos teatros públicos vemos con demasiada frecuencia pases de espectáculos máis convencionais que apenas acadan 50 ou 100 espectadores e, con todo, ese tipo de propostas non sofren o mesmo veto que as nosas.

Certamente é desexable e necesario un aumento do número de espectadores no noso sector, pero este nunca se producirá se os programadores persisten no bloqueo. Os espectadores non poden demandar aquilo que descoñecen por completo. Se as institucións públicas e os seus representantes non se molestan en difundir e dar a coñecer outro tipo de produtos nunca veremos a un público desexoso. Non existirá demanda mentres non exista una oferta real.

“O meu público non o entende”.

Esta outra resposta é digna de estudo. Sorprende o uso do posesivo. A condescendencia e a suposta superioridade intelectual que denota déixanche sen palabras nunha suposta negociación na tarefa de distribución dun espectáculo.

Na miña discreta experiencia podo afirmar que os espectadores responden de maneira espontánea, sen prexuízos, ante todo tipo de propostas arriscadas e sen necesidade de ser formados, do mesmo xeito que sucede coas artes plásticas. Ao público pódelle gustar ou non gustar unha peza de danza contemporánea, do mesmo xeito que lle pode gustar ou non un espectáculo do teatro máis convencional. Non é motivo este para separar e excluír, unha vez máis, á creación contemporánea, dotándoa dun aura de rareza e de elitismo que en realidade non posúe.

Este empeño en illarnos vémolos constantemente nas propostas que algunhas institucións elaboran, dentro e fóra de Galicia, para a súa programación contemporánea. Obradoiros e escolas do espectador ou circuítos e redes específicos van nesta liña. O espectador non necesita ser formado, tan só necesita atopar unha programación variada e plural, ante a que evolucionará de forma orgánica.

As actividades formativas para espectadores son iniciativas interesantes que acompañan e van da man dunha proposta de programación, pero teño a impresión de que, ás veces, non conseguen os seus obxectivos e entre os participantes inscritos adoitamos atopar profesionais e amateurs do sector, ou público que xa estaba sobradamente sensibilizado. Por suposto hai excepcións, como podemos atopar no proxecto *TRC Danza* do Concello da Coruña, especialmente sensibilizado coa danza contemporánea.

A inmensa minoría².

Cabe pois pensar que esta minoría espectadora das artes escénicas contemporáneas non é

2 *Expresión irónica utilizada historicamente por Baltasar Patiño, membro fundador de Matarile Teatro, para referirse ao público supostamente minoritario das artes escénicas contemporáneas.*

“o respecto polo espectador e polo creador teñen que ir da man nos labores de programación”

tal e que o que necesitamos son responsables máis comprometidos coa creación. Dentro e fóra de Galicia atopámonos propostas valentes de programación que gozaron dunha enorme aceptación por parte dos espectadores e que, ao meu xuízo, demostran que os espectadores responden positivamente.

Dentro de Galicia, na miña opinión, o exemplo máis obvio é o *Festival Internacional para Paseantes En pé de pedra*, organizado polo *Teatro Galán*, e que celebrou 12 edicións entre 1995 e 2007 en Santiago de Compostela. Cun cartel exclusivo de danza contemporánea o festival converteuse en todo un acontecemento que chegou a xuntar 5000 persoas na Praza da Quintana.

Fóra de Galicia atopamos o *FETAL*, Festival de Teatro Alternativo de Urones de Castroponce, todo un milagre que sucede nun minúsculo municipio de Terra de Campos de apenas 100 habitantes. Esta iniciativa demostra que é posible xerar cultura de primeiro nivel nunha contorna rural sen necesidade de formar a un público composto case exclusivamente por veciños da provincia. Entre as compañías programadas atopamos a *Pisando Ovos*, *Licenciada Sotelo*, *Colectivo Lamajara*, *Traspediante*, *A Zaranda* ou *Matarile Teatro*. Estes son algúns dos moitos exemplos que existen en España, pero sinalo aqueles que coñezo máis de preto, aclarando que non teñen por que ser os máis representativos.

Tamén é significativo o proxecto do consistorio de Manuela Carmena para *Las Naves de Español*, que se converteron en mans de Mateo Feijoo nas *Naves Matadero*, un centro internacional de artes vivas. Profesionais do teatro máis convencional tentaron boicotealo desde antes do seu nacemento e tras a primeira tempada de programación xa podían presumir de cifras. Unha aposta similar atopamos en Zaragoza coa programación de Víctor López Carbajales, especialmente coa creación do *Festival ZGZ Escena* e a transformación realizada no *Centro de Danza de Zaragoza*.

En definitiva, o respecto polo espectador e polo creador teñen que ir da man nos labores de programación. *AGADIC*, a través de *RGTA (Rede Galega de Teatros e Auditorios)*, debería ser a responsable de coordinar certos criterios de programación nos concellos. En lugar de crear redes ou circuitos específicos para a creación contemporánea, que nos separen e nos illen aínda máis, deberíamos optar por fortalecer esta rede xa existente dotándoa de pluralidade. Sen dúbida *AGADIC* ten as ferramentas para facelo e debemos preguntarnos por que non se fixo xa.

Paréceme sen dúbida positivo o último cambio realizado na axuda á creación escénica de *AGADIC* creando unha modalidade para a danza e as artes en movemento. E tamén valoro a sección de Novas Linguaxes na *Galicia Escena Pro*. Pero estas iniciativas non conseguirán que os responsables de espazos escénicos levanten o seu bloqueo a un tipo de creación que, sen dúbida, merece o seu sitio nas programacións municipais.

*Fotografías: Tamara de la Fuente e Rubén Vilanova.

Texto 1. Cara a unha escena plural. Juancho Gianzo.

Publicado en xuño de 2019 na órbita do espazo de análise e posta en acción “Cara a unha escena plural”, unha mesa de traballo arredor da circulación da danza e a creación contemporánea nos espazos escénicos galegos. O espazo, impulsado por Caterina Varela e Sabela Mendoza, sucede no marco da *Galicia Escena PRO*, o encontro de profesionais do campo da artes escénicas que organiza *Escena Galega* e *Agadic*.